

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MAR**

EXTRACTO da Orde do 17 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases e se regulan os procedementos para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentable para propietarios de buques pesqueiros, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), e se convocan para o ano 2025 os devanditos procedementos, tramitados como expedientes anticipados de gasto (códigos de procedemento PE120A, PE120B, PE120C e PE120E).

BDNS (Identif.): 806359.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<https://www.pap.hacienda.gob.es/bdnstrans/inicio>):

Primeiro. Persoas beneficiarias

Poderán ser persoas beneficiarias das subvencións, sen prexuízo de reuniren os demais requisitos establecidos nestas bases, os propietarios de buques pesqueiros con porto base na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo. Finalidade

As axudas terán como finalidade:

1. Reducir o impacto da pesca no medio mariño, apoiar a eliminación gradual dos descartes e facilitar a transición a unha explotación sustentable dos recursos biolóxicos mariños.
2. Mellorar a hixiene, a saúde, a seguridade e as condicións de traballo dos traballadores, fomentando así a remuda xeracional e o desenvolvemento profesional.
3. Mellorar a eficiencia enerxética e optimizar o uso da enerxía dos buques para contribuír á mitigación do cambio climático reducindo as súas emisións e o consumo de combustibles.

CVE-DOG: y0x6rfq5-7ix2-kjl0-6zx2-lko5zd1rvtv5



4. Mellorar a eficiencia enerxética e mitigar o cambio climático, a través da substitución de motores principais ou auxiliares.

5. Incrementar a calidade, o valor engadido e a seguridade dos produtos pesqueiros, mediante o desenvolvemento de novos produtos e a valorización dos existentes, así como os subprodutos e capturas accidentais ou non desexadas que melloren a sustentabilidade da actividade pesqueira.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 17 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases e se regulan os procedementos para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentable para propietarios de buques pesqueiros, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), e se convocan para o ano 2025 os devanditos procedementos, tramitados como expedientes anticipados de gasto (códigos de procedemento PE120A, PE120B, PE120C e PE120E).

Cuarto. *Importe*

Para o ano 2025 as axudas concederanse de acordo coa seguinte desagregación, que figura dotada no proxecto de orzamento de gastos da Consellería do Mar para o ano 2025, tramitándose de forma anticipada.

Aplicación orzamentaria: 16.02.723A.770.4. Importe: 543.067 €, para a diminución do impacto da pesca no medio mariño, a eliminación gradual dos descartes e facilitar a transición a unha explotación sustentable dos recursos biolóxicos mariños.

Aplicación orzamentaria: 16.02.723A.770.3. Importe: 1.076.194 €, para mellorar a hixiene, a saúde, a seguridade e as condicións de traballo, fomentando así a remuda xeracional e o desenvolvemento profesional, sen aumento de capacidade do buque pesqueiro.

Aplicación orzamentaria: 16.02.723A.770.1. Importe: 1.288.554 €, para a mellora das condicións laborais e de seguridade a bordo, aumentando o arqueo bruto dun buque pesqueiro.

Aplicación orzamentaria: 16.02.723A.770.2. Importe: 1.084.667 €, para optimizar o uso da enerxía dos buques para contribuír á mitigación do cambio climático reducindo as súas emisións e o consumo de combustibles, sen aumento de capacidade do buque pesqueiro.



Aplicación orzamentaria: 16.02.723A.770.0. Importe: 1.265.447 €, para mellorar a eficiencia enerxética mediante operacións que aumenten o arqueo bruto dun buque pesqueiro.

Aplicación orzamentaria: 16.02.723A.770.1. Importe: 271.167 €, para aumentar a eficiencia enerxética e reducir as emisións de CO₂ mediante a substitución ou modernización de motores.

Aplicación orzamentaria: 16.02.723A.770.5. Importe: 723.111 €, para incrementar o valor engadido, a economía circular e a seguridade alimentaria.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Un mes contado desde o día seguinte ao da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Entenderase como último día do prazo para a presentación de solicitudes o correspondente ao mesmo ordinal do día da súa publicación. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo finaliza o último día do mes.

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2024

Marta Barreiro Castro
Secretaria xeral técnica da Consellería do Mar

CVE-DOG: y0x6rfg5-7ix2-kjl0-6zx2-lko5zd1rvtv5

